

**Acta núm. 13/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 8 de xuño de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebal Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 8 de xuño de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2021, DO 25.05.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 6º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (APERTURAS).
- 7º) PREZO PÚBLICO: CONCILIA VERÁN 2021.
- 8º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2021, DO 25.05.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.05.2021, acta núm. 12/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL JUAN SANTISO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai pechar un balcón con PVC, vidro e cubrición plana de aluminio, de 10 metros de lonxitude, en Sanín 6, Os Ánxeles.
A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6636801NH2463N0001ML) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,77 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMA GUERRA, na que comunica que vai arranxar unha tubería de abastecemento de auga privada na pista que vai desde Bemil a Osebe.

A actuación aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MERCEDES SOUTO SUÁREZ, na que comunica que vai limpar e reconstruír un muro de pedra de aproximadamente 23 metros de lonxitude situado no interior da parcela, sen estar en contacto coa vía pública, en Cornanda 1, Cornanda. Trátase dunha obra de escasa entidade construtiva.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7337908NH1473N0001JA) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Cornanda, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como CE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión na Rúa da Senra 3, Os Ánxeles, realizando o entronque no condutor existente de tipo XZI 240, pertencente á saída 01 do centro de transformación 15CHRG (ADOUFE) ata a ubicación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 35 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, o 14/08/2020, visado nº 2008/20-CO.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6948903NH2464N0001BD) está clasificada polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2). Sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego do Pego e do dominio público da estrada AC-304.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada polo interesado ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 20.10.2020, da autorización do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente núm.: IF204A/AC/2020/2151), e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 611,12 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 202100000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 126,95 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar o entronque á rede aérea existente (RZ 95) pertencente á saída 02C do centro de transformación 15ADJ4 (Saíme aéreo), proxectando un paso aéreo-subterráneo no apoio HV existente e extensión da rede con condutor XZ1 240 ata a situación do CPM do cliente a instalar no límite da propiedade coa vía pública, en Saíme 24, Bastavales. Para a canalización do condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 6 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 11/03/2021, visado nº 713/21-CO.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5026411NH2452N0001QZ) está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Saíme, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE-3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 426,46 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 202100000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,29 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,86 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o apoio existente HV-400/9, coa extensión da rede con condutor XZ1 0,6/1 Kv 4X (*50) AL, ata a situación da CPM situada no límite da propiedade coa vía pública, en Gontade 13, Os Ánxeles. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 19 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 17/02/2021, visado nº 22100216.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5433607NH2453S0000PX) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atópase a menos de 20 metros do Cruceiro do Quintero, incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural identificado coa

clave AC5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 466,81 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 202100000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,93 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Norberto Ojinaga Goitía, que di actuar en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A., que solicita licenza para despregar e ampliar a rede de telecomunicacións no Concello de Brión, instalando na Avd. de Noia, Os Ánxeles, un poste de formigón para o soporte da parabólica da radio para recibir a sinal de telecomunicacións. O poste instalárase na caseta prefabricada (nodo), segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Carlos Roca Freire, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 30/03/2021, visado nº 141/21-FE.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6449604NH2464N0001DD) está clasificada como solo urbano de equipamentos locais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 6 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do convenio asinado entre o Concello de Brión e a entidade R. Cable e Telecomunicacións Galicia S.A. o 15/07/2008, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Finalizada a duración do convenio, deberá proceder o seu derrubamento sen que caiba dereito a indemnización algunha.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,57 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ ALBERTO ARANTÓN MARTÍNEZ e MARÍA BERDULLAS CREGO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 53, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado por Carquitect SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.01.2021 e documentación complementaria visada o 06.05.2021 (Expte núm. 2006562).

A parcela onde se pretende executar a obra (resultante da segregación da parcela con referencia catastral 9113202NH2491S0001WT, outorgada pola Xunta de Goberno Local o 26.02.2019) está clasificada como solo de núcleo rural, para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado por Carquitect SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.01.2021 e documentación complementaria visada o 06.05.2021 (Expte núm. 2006562).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (63,90 m² aceptados pola Xunta de Goberno Local do 26.02.2019), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 m. de ancho), a execución da conexión de abastecemento á rede existente, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización da iluminación pública, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A vivenda conectarase á rede pública de saneamento no momento que esta sexa executada a menos de 100 metros, segundo a ordenanza fiscal núm. 19-T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.388,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 191,27 euros.
- Total: 2.579,27 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por presentada por José Manuel Fernández Castro que di actuar en representación de JOSEFA ROSA TAJES RAMA e ALBERTO LAGO

FERNÁNDEZ, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 35, Brión segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.03.2021 e documentación complementaria visada o 30.04.2021(Expte núm. 2101082).

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 6470108NH2476S0001MD) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2)

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.03.2021 e documentación complementaria visada o 30.04.2021 (Expte núm. 2101082).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (26,93 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización da iluminación pública, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A vivenda conectarase á rede pública de saneamento no momento que esta sexa executada a menos de 100 metros, segundo a ordenanza fiscal núm. 19-T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.600,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.696,03 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por César Borja Escudero González, que di actuar en representación de ROSA MARÍA LORENZO CAÍNZOS, para o funcionamento da actividade de oficina de farmacia na Avda. Noia 12, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 01.12.2020, concedeu licenza de obra para rehabilitar e cambiar o uso para oficina de farmacia, da edificación da Avd. de Noia 12, Os Ánxeles, segundo proxecto de reforma de edificación asinado polo arquitecto César Escudero González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.10.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Sanidade de data 06.05.2021, do certificado final de obra asinado polo arquitecto César Escudero González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.05.2021 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da oficina de farmacia titularidade de Rosa María Lorenzo Caínzos, na Avd. de Noia 12, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

SEXTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (APERTURAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PILAR PÉREZ CASTRO, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café – bar, sito no lugar de A Igrexa 2, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Débora Castelo Pérez, e preténdese poñer a nome de Pilar Pérez Castro.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café - bar, sito no lugar de A Igrexa 2, Bastavales, a nome de Pilar Pérez Castro.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA TERESA GÓMEZ LORENZO, na que comunica o cambio de titularidade do local destinado a estanco na Avd. dos Ánxeles 16, local 5, Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de María Berdullas Crego, e preténdese poñer a nome de María Teresa Gómez Lorenzo.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de estanco, situado na Avd. dos Ánxeles 16, local 5, Os Ánxeles a nome de María Teresa Gómez Lorenzo.

SÉTIMO.- PREZO PÚBLICO: CONCILIA VERÁN 2021.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 02/06/2021 de prezo público para a asistencia á actividade de conciliación Concilia Verán 2021, que se realizará no Concello de Brión dos días 23 de xuño a 10 de setembro de 2021.

Vistos o informe técnico do 20/05/2021 e o informe de intervención do 25/05/2021.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de conciliación Concilia Verán 2021, de acordo coa seguinte táboa:

% R.P.C. / IPREM 2021	RENDA P.C. 2021	COTA
0% a 100%	0,00 a 537,83 €	20,00 €/quincena
100% a 125%	537,84 a 672,29 €	35,00 €/quincena
125% a 175%	672,30 a 941,21 €	52,50 €/quincena
175% a 200%	941,22 a 1.075,67 €	66,50 €/quincena
Máis do 200%	1.075,68 € ou máis	70,00 €/quincena

No caso de irmáns aplicaranse os seguintes descontos:

- .- 1º Irmá/n: pago do 100% da cota.
- .- 2º Irmá/n: desconto do 20% da cota.
- .- 3º Irmá/n e seguintes: cota gratuíta.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO. - RENUNCIA A LICENZA DE OBRA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra menor para ampliar a rede existente nunha lonxitude de 493 metros e realizar seis acometidas para dar subministro de gas natural en San Ramón, Os Ánxeles, segundo licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 28/05/2015 a nome de Gas Galicia, Sociedad para el Desarrollo del Gas S.A.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que en San Ramón, Os Ánxeles, non se iniciaron as obras para as que se concedeu a licenza, por unanimidade acorda:

- 1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28/05/2015.
- 2º) Que se proceda á tramitación de expediente de devolución do ICIO e do aval depositado o 12/05/2015 (r.e.2643), previo informe de intervención.
- 3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González